

Crónica dunha profesora novata nas JAEM 2022

MARÍA JOSÉ BARGADOS VARELA

Actividade para o profesorado

Aínda que xa pasaron moitos meses dende aqueles calorosos primeiros días de xullo en Valencia, recordo moi nitidamente a sensación que experimentei ao chegar: Que grande é isto! Impresiona a envergadura do congreso, a cantidade de asistentes e o ben organizado que está. Ninguén diría que o comité que se encargou de poñelo en pé non está formado por profesionais da organización de eventos. Case de forma simultánea, encheume un sentimento de pertenza, de estar onde debía estar, que xa non me abandonou durante os días seguintes... e aínda conservo! Quizais debería aclarar que, malia a miña formación matemática, a meirande parte da vida laboral desenvolvina noutros ámbitos profesionais. Sempre sentín que non acababa de encaixar naqueles ambientes. As JAEM, e supoño que outros espazos similares, teñen a virtude de arroupar, de crear comunidade e unión entre as participantes, en resumo, de facernos sentir integradas.

Mais, por outra banda, a grandiosidade do congreso tamén pode abrumar ás principiantes. Xa nun primeiro momento, ao formalizar a inscrición, chama a atención a cantidade de ponencias, comunicacións e obradoiros aos que se pode optar. Unha non sabe que escoller e déixase guiar pola intuición. Non así as veteranas que coñecen a moitas das persoas relatoras, e elixen máis pola autoría, que polo título. Tamén hai que ter en conta que a estes simposios acode, primordialmente, xente moi implicada coa profesión, sempre na procura de melloras no seu desempeño e de achegas das expertas. Por moito que a comparación non sexa moi xusta, non puiden evitar pensar en cantos anos de traballo e perfeccionamento me quedan por diante para poñerme ao nivel das compañeiras que alí atopei. Teño moito por facer. Para rematar este parágrafo de abafamentos, suliñar a grande cantidade de información valiosa que as asistentes recibimos naqueles días. Cómpre non tentar asimilalo todo, senón priorizar. Recordo a sensación que traía no voo de volta, a cabeza fervíame de ideas. Porén, co paso do tempo, cústame recordar contidos concretos que aplicar nas miñas aulas. Sen dúbida, ter á nosa disposición gravacións¹ e documentos² das presentacións é unha gran vantaxe e resulta de moita utilidade.

Non vou facer agora un repaso por todas as sesións das JAEM 2022. Mesmo aínda que as presenciase todas, non me considero capacitada para resumir o contido das ponencias, comunicacións e obradoiros. Sería imposible facer unha escolma mellor que a que está dispoñible na web³ oficial das xornadas.

Repasando as miñas escollas, constato que me decantei case en exclusiva por actividades relacionadas cos procesos e recursos na aula. Para unha profesora novata coma min, a docencia diaria xa supón un reto o suficientemente complexo como para terme ben atarefada. Isto fai que, polo de agora, máis que en actividades moi sofisticadas, estea interesada en contidos básicos que me axuden a transmitir os coñecementos da mellor forma posible, a manter o alumnado interesado e con ánimo de aprender. Non é de estrañar entón que a comunicación que lembro con máis agarimo sexa “Pensar antes de calcular, antes de actuar... y volver a pensar después”⁴, do profesor Xavier Vilella Miró. Nesta charla, o profesor Vilella explicou estratexias que se poden levar a cabo no día a día nas aulas para facer pensar ao alumnado, e evitar que enfronten o traballo matemático como unha simple rutina mecánica de algoritmos aprendidos. O seu discurso ten a fluidez e sinxeleza de quen se apoia nuns sólidos alicerces de coñecemento. Foi realmente inspirador.

Non quero deixar de mencionar aquí a excelente comunicación da nosa compañeira de AGAPEMA e presidenta do Instituto GeoGebra de Galicia, Débora Pereiro. Baixo o título “Funciones y gráficas con GeoGebra”, presentou unha colección de actividades levadas a cabo nas súas clases. Non podo evitar marabillarme ante o profesorado que se atreve a propoñer este tipo de traballos co seu alumnado e é quen de levalos adiante con éxito. Pouco a pouco, agardo avanzar nesa dirección.

Non foi a única socia de AGAPEMA en participar activamente nas JAEM 2022, pois tamén contamos co relatorio de Covadonga Rodríguez Moldes⁵, titulado “Unus pro ómnibus (et omnia pro uno)”, e o obradoiro “La calculadora en la escuela”⁶, de María Salgado Somoza.

Houbo outras comunicacións e ponencias que merecerían ser nomeadas nesta crónica, por non falar das sesións plenarias. Penso agora na magnífica charla de Charlie Gilderdale (“Enriquecer las Matemáticas: ¿Qué podemos ofrecer a nuestros alumnos si queremos que se conviertan en personas seguras de sí mismas y con recursos para resolver problemas?”⁷) ou na conferencia de peche do congreso, a cargo da profesora Anabel Forte (“Bayes: Un teorema para abordarlo todo”⁸), a quen tiveren a sorte de coñecer naqueles días. Digo sorte porque a teño seguido durante moito tempo nas redes e no podcast “A ciencia certa”⁹, no que participa con asiduidade. Esta conferencia foi outro bo exemplo de discurso sinxelo que agocha un profundo coñecemento da materia que trata. Non quero esquecer a sesión inaugural, a cargo do profesor Lluís Bonet, baixo o título “2022 La odisea de las Matemáticas”, nin a divertida “No hagas cuentos, haz Matemáticas”, da man das profesoras M. Ángeles Portilla, Magdalena Martí e Susana Morell.

Tamén é preciso lembrar que, malia a intensidade das xornadas, houbo ocios para o lecer. E así puidemos desfrutar de excursións pola contorna -no meu caso, á Albufera-, cócteis de benvida e despedida, e unha succulenta cea de gala. Estes momentos de ocio, xunto coas conversacións informais nos corredores, permiten compartir experiencias, facer contactos e ir tecendo redes con profesionais doutras comunidades. Para min, teñen tanta relevancia como as sesións formais.

Antes de rematar, gustaríame agradecer aos comités organizador e científico das JAEM 2022 o seu inmenso traballo que, por estar tan ben feito, ficou invisible en moitos momentos. Tamén quero mencionar o equipo de AGAPEMA e do Instituto de GeoGebra de Galicia que se desprazou a Valencia, no que me sentín acollida dende o primeiro momento. Foi un pracer e un honor formar parte desa delegación e estouilles moi agradecida polo trato tan agarimoso que me dispensaron.

Xa resta tan só dicir, a modo de conclusión, que foi unha experiencia moi enriquecedora. Estas foron as miñas primeiras JAEM, pero a bo seguro non serán as derradeiras. Vémonos en Cantabria no 2024!

Notas

1. <https://20.jaem.es/conferencias-plenarias/> e <https://20.jaem.es/ponencias/>
2. <https://20.jaem.es/programa-detallado/>
3. <https://20.jaem.es/>
4. <https://20.jaem.es/20jaem/Comunicaciones/Procesos/CoP013.pdf>
5. <https://20.jaem.es/speaker/covadonga-rodriguez-moldes/>
6. <https://20.jaem.es//20jaem/talleres/TaR034.pdf>
7. https://youtu.be/6gCw_kQ11Is
8. <https://youtu.be/ai3uRJvvgYI>
9. <https://go.ivoox.com/sq/286369>

María José Bargados

IES Miraflores (Oleiros)

<mariajose.bargados@edu.xunta.gal>